

## Cando o teatro é noticia

Agradezo á Deputación da Coruña a organización destas xornadas literarias que serven para aglutinar ás xentes da Cultura e da Literatura en particular. Agradezo que Luciano Rodríguez tivese a ben incluír o Teatro neste marco do III Encontro de Escritores Galegos e agradezo a invitación da miña persoa. Agradecementos que pretendo que sexan algo máis que unha cortesía protocolaria ou retórica porque é ben sabido que o xénero teatral, que outrora ocupaba un lugar destacado na Literatura, sitúase hoxe nunha fronteira permanente e non sempre cómoda entre o territorio do espectáculo, dominado polo audiovisual, e o territorio literario, onde a palabra escritor identifícase na maioría dos casos coa de narrador, máis concretamente coa de novelista e, excepcionalmente, coa de poeta. Os ensaistas e os dramaturgos ocupamos cadeiras esporádicas e provisionais nesta casa común da palabra e moitas veces sentímonos obrigados a dedicar parágrafos introdutorios para defender a nosa presenza, o que non deixa de ser un sinal da falta de normalidade e da división en pequenas capelas ou minifundios que impiden artellar estratexias comúns cara o noso destinatario, o lector. Destinatario que no caso do teatro, certamente, duplica a súa condición coa do espectador. Hoxe, cando se está a propoñer a candidatura da literatura oral galaico-portuguesa como Patrimonio da Humanidade, compre lembrar que o teatro é literatura oral na escena, e tamén é literatura escrita no libro.

Os homes e mulleres do teatro dinnos que debemos crear máis público, novos espectadores, chegar a sectores da cidadanía con novas fórmulas, transformar en hábito e logo en tradición a asistencia ós escenarios dos espectadores máis fieis. Sen dúbida son obxectivos que moitos adquirimos coma propios e sumamos ó intento de ofrecer a mellor calidade e rigor nas nosas postas en escena. Ademais, os que escribimos teatro sabemos que nese acto de comunicación debemos implicar ó

público como auténtico receptor desde a primeira palabra da nosa dramaturxia. Somos emisores de mensaxes con destino a uns hipotéticos lectores e espectadores. O noso medio de comunicación é o teatro, certamente, pero nesta sociedade hipermediática na que vivimos non podemos deixar que caia sobre as nosas costas todo o peso da responsabilidade se non acadamos aqueles obxectivos. A ecuación non é tan simple. Entre os emisores e os receptores, a mensaxe teatral é coma auga que navega por canles diversas que poden variar o seu curso, bifurcándose, perdéndose, secándose, confundindo o seu destino. Vivimos na complexidade, a modernidade dos países do denominado primeiro mundo establece a súa diferenza no crecemento do sector dos servizos, na proliferación dos transportes e dos intermediarios, no fluxo das mercancías e na inmediatez da información que van configurando máis ca un perfil de cidadán, o perfil dun consumidor, bombardeado por imaxes, ofertas, opinións, demanda de votos e ficións de todo tipo. Neste contexto, o teatro, literatura, arte, artesanía, feito a man e a escala humana, non pode loitar só contra xigantes e despexar a maraña de canles e de intermediarios que ás máis das veces se interpoñen entre a emisión da mensaxe e a súa recepción. Dependemos de xestores públicos, de programadores, de políticos. Pero se importante é o deseño de políticas culturais non erráticas e circunstanciais, a creación de redes de programación viables e realistas, a oferta de proxectos artísticos que garantan a continuidade e a regularidade na exhibición, en fin, todos os elementos que constitúen a columna da intermediación política e da xestión pública, non o é menos esa outra columna da intermediación mediática, da prensa escrita, da radio, da televisión, para que o teatro chegue ó público e se complete o acto de comunicación iniciado coa acción da palabra do dramaturgo. Son os alicerces sobre os que se asenta a nosa existencia pública. Sen a xestión, a información, a promoción, a publicidade, a animación e a divulgación que nos ofrecen a suma de ambas as dúas intermediacións as nosas criaturas imaxinarias quedan relegadas ó ámbito dun inventario cultural ermo e incomunicado por moita calidade que entrañen estas baixo forma de libro ou de montaxe.

Falamos dunha arte de minorías, certo, pero non é suficiente a técnica do boca-orella para chegar ós poucos. Non podemos conformarnos coa acción romántica de lanzar ó intricado mar da comunicación mensaxes no interior dunha fráxil botella. É precisa a alianza e a unidade de acción entre o creador, primeiro elo da cadea, e os intermediarios políticos e mediáticos para o éxito da recepción. É preciso o compromiso das tres instancias para vertebrar a cultura deste país, a condición de que se

garanta a liberdade creadora e se alonxe a tentación do dirixismo de calquera tipo. Se non existe esa alianza, aínda que sexa dun xeito tácito, se non hai obxectivos comúns, só o intermediario mercantil marcará as pautas interpoñendo a tiranía dun mercado único e alleo. Pero para que haxa compromiso ten que haber confianza no propio, pertenza, identidade, espellos onde se mire o vello público, estímulos para formar novos lectores e espectadores; daquela mercado e cultura non serán unha contradición.

E ben, ¿existen as condicións para que se produza este pretendido compromiso? Sabemos que non, porque como dixen no comezo deste relatorio, mesmo entre nós hai unha feble confianza colectiva, aínda temos sen resolver a vella pregunta de ¿quen somos? Por moito que a lingua forneza o enunciado desta pregunta, o noso tecido é abondo desfarrapado e individualista para que se transmita esa sensación especular na Opinión Pública, e, por outra banda, os medios de comunicación non teñen interese en tomar ningunha iniciativa, habida conta de que a política cultural de Galicia foi practicamente inexistente até o de agora. Cultura, Política e Medios de Comunicación adoecen na nosa terra dos mesmos males que precisamos diagnosticar, nadan nas augas da eventualidade e a provisionalidade, das medidas puntuais e illadas, dos parches, da desorientación. Se errática, arbitraria e desigual é a política cultural, asimesmo se manifesta o tratamento da cultura no xornalismo, de xeito escaso, disperso, errático, arbitrario e desigual.

Analicemos que tratamento ten, concretamente, a noticia teatral nos medios xeralistas, sen entrar no caso das revistas, por outra banda, escasas, destinadas a lectores especializados: ¿Que espazo hai nos xornais, na radio ou na televisión identificable para o lector ou o espectador? Ese espazo é inexistente ou é tan cativo que se amalgama nos xornais baixo a páxina de Cultura sen criterios claros e sen xerarquía no tocante ó relevo da noticia. A Cultura é un *totum revoltum* onde, ó non existir unha documentación previa, un arquivo do que botar man, prima o criterio da fama e non o do prestixio, prima a noticia que nace das metrópolis ou dos centros dominantes, Madrid, ou abrindo máis o *zoom*, as noticias que proceden de París, Londres ou Nova York. Diante do descoñecemento do propio dáse paso ó alleo que xa ten o aval doutras latitudes e é un valor de venda seguro, en castelán, naturalmente. Así, no que respecta ó libro, ocupa espazo o *best seller*, categoría imposible e remota no que atinxe ó libro de teatro, pero tampouco fácil de acadar no noso país, nin sequera no eido da novela. E no que respecta ós espectáculos, sección que algúns medios teñen diferenciada e invadida pola Tele-

visión ou o Cine, contéplase a estrea dalgunha obra protagonizada por un famoso en Madrid, no canto de relegar a información da estrea do teatro propio ó caderno das páxinas locais.

As páxinas locais que, indubidablemente, poden ter o valor de facer cidade, de facer cidadanía, no entanto restrinxen e reducen o alcance da noticia teatral. Se antes se daba cobertura no ámbito de Galicia a estreas do teatro en galego, agora estreas da mesma categoría profesional non teñen eco máis alá da cidade onde ten lugar tal acontecemento. De maneira que un cidadán de Vigo descoñece o que sucede na Coruña e viceversa, desvalorizando o interese e a amplitude do feito teatral. Habería que preguntarse, ¿a que cidadán queremos informar de que e cando? Mentres o cidadán da nosa comunidade é quen de recibir a noticia teatral do que sucede en Madrid, o que sucede aquí só é recibido no estreito marco da cidade, o que axuda e incide máis na desvertebración existente. Outro tanto está a ocorrer no xornalismo electrónico ou radiofónico, instalado na proliferación do localismo que agudiza a nosa tradición minifundista. En resumo, é preciso máis espazo para o noso teatro nos medios de comunicación, que existan seccións especializadas, que a noticia teatral se asente na documentación para coñecer a súa trascendencia e que se lle dea o alcance que lle corresponde.

Espazo insuficiente e precario para o Teatro, así na práctica do exercicio teatral coma no da programación e da difusión mediática. Pero ¿que dicir dos actores da noticia? Non dos actores teatrais senón dos xornalistas. ¿Quen cobre a noticia teatral? ¿En cantas conferencias de prensa identificamos ano tras ano a xornalistas de cada medio? A Cultura Galega, en xeral, e o Teatro, en particular, son contemplados por informadores pouco ou nada especializados ou formados na materia. O máis habitual é que sexan os aprendices, ou traballadores en prácticas, e non sempre xornalistas, os que se acheguen a cubrir a noticia dunha estrea, descoñecendo os feitos e os seus protagonistas, sen ningunha documentación previa, na liña do que sucederá ó ano seguinte, cando eles xa non estean nese medio, sen deixar ningunha pegada nos arquivos do xornal, para comezar sempre desde cero, co mesmo tipo de entrevista apurada polo desinterese, a improvisación e os dous ou tres lugares comúns que non permiten escarvar nada, máis alá da superficialidade e a insoportable levidade do ser: *¿Canto tempo levades facendo teatro?*, *¿É certo que o teatro está en crise?* *¿Como vedes o teatro en Galicia?* Ou entrando no cerne da función, mesmo ás veces despois de comparecencias e explicacións pormenorizadas sobre a peza, *¿canto custa a entrada?* A pesar diso, ás veces os titulares son especialmente chamativos, pero

non sempre se recollen con rigor os datos do lugar e a hora do acontecemento, afundindo o cidadán na confusión. Hoxe as conferencias de prensa comezan a entrar en desuso, a estratexia non consiste xa na mellora do *modus operandi*, non, se a práctica entraña problemas, decídese suprimir a cobertura. Daquela a noticia debe ser confeccionada e enviada á redacción por correo electrónico polos seus mesmos protagonistas, para garantir así unha correcta información, o que ademais aforra a loxística do xornal. Pero tampouco é maior o coñecemento nin a documentación no tocante á radio ou á televisión, nin sequera cando, máis alá das axendas culturais, a noticia se converte en reportaxe, normalmente no ámbito dos magazines e moi escasamente en programas especializados na Cultura.

Precariedade e eventualidade laboral no exercicio profesional do teatro, o mesmo que sucede no campo da programación cos técnicos de cultura, en igual proporción que acontece no xornalismo. Precariedade e eventualidade que alcanza ós críticos e á crítica, unha sección necesaria na prensa escrita e de gran valor para divulgar e orientar ó lector e ó espectador. ¿Con que regulariedade saen as críticas?, ¿que espazo fixo posúen no medio?, ¿que continuidade mantén o crítico nesa sección? ¿Que aptitudes posúe para xogar ese rol? A praxe da crítica garda unha relación fundamental coa programación que fan os concellos, onde a penas permanecen os nosos espectáculos nos teatros un, dous ou, excepcionalmente, tres días. Cando a crítica sae, o espectador non ten a oportunidade de asistir ó espectáculo, porque xa pasou pola súa cidade. En todo caso, a crítica sempre dá testemuña da nosa existencia, o que xa non é pouco, e fornece de coñecementos ó posible espectador. E cando é boa, pode alentar ó cidadán a pescudar nas páxinas locais de cada comarca ou cidade de Galicia, para saber por onde continúa a xira e ver de combinar a súa asistencia.

Din que o xornalismo, conforme ós seus principios éticos, debe crear opinión pública... Deteñámonos agora nas columnas de Opinión: ¿Cantas veces é noticia o teatro?, ¿cantas move a opinar ós colaboradores dos xornais? Aquí, coma no drama, tampouco as cousas son o que parecen. Leo, en perfecto castelán, claro, *Se abre el telón* ou *Un nuevo escenario* ou *Mutis por el foro* ou este outro título, *La gran farsa*, ou mesmo algo máis definitivo, *Ultimo acto*, pero non, non nos enganemos, non falan de teatro, todos eles son títulos prestados ou roubados da farándula para referirse a conflitos reais con personaxes da política. Semella que os políticos están a facernos a competencia ou é que os opinadores oficiais crean ou fanse eco da imaxe que aqueles dan na opinión pública. Segu-

ramente escriben eses titulares como engado para os lectores famentos de espectáculo. Pero, ¿que acontece co teatro mesmo?, ¿quedará reducido coma certa toponimia a unha lembranza do que xa non existe? *Carballeira*, pon o nome dun lugar invadido por eucaliptos. ¿Permanecerá coma expresión metafórica ou coma atributo dunha cidadanía instalada na ficción?

Alén destes fundados temores e da ironía que os libera, a pesares destas circunstancias e atrancos e ó longo dos anos e de moitas funcións, as dez obras da miña autoría que levo estreado coa compañía Ancora Producións, xeraron uns dosieres de prensa amplos, poboados de reseñas, entrevistas, críticas ou reportaxes de desigual fortuna. Moito menos numerosas son as recensións ou comentarios literarios sobre as dezasete obras que levo publicado en libros e revistas, pero debo salientar que hai aspectos moi positivos que coído debo agradecer máis ó esforzo de persoas concretas, de profesionais que ás veces poñen un plus de interese e mesmo de paixón para seguir o noso traballo e informar ós cidadáns, mesmo por enriba das súas propias dificultades nos medios. Porque tamén compre dicir neste punto que o nivel de resistencia no que vivimos no teatro e na Cultura non empeora porque se suman un feixe de vontades dalgún político, algún programador, algún xornalista, algún estudoso e algún *todeiro* do teatro coma min que teimamos desde a nosa individualidade para que esas tres columnas, a criativa, a política e a mediática sexan quen de construír e vertebrar, en galego, este noso país. Pero entre tanto *o espectáculo debe continuar*.

*En Sta. Icíá. Novembro de 2005.*

GUSTAVO PERNAS CORA

**CADERNOS DE MARIÑÁN 1**

**III Encontro de Escritores Galegos**

